CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Modificación de designación tenencias de Alcaldía

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía núm.1054/2026 do 23 de novembro adoptouse os seguintes acordos:

"Antecedentes

Primeiro. Mediante a Resolución da Alcaldía núm. 692/2023, do 24 de xullo, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 146, do 2 de agosto de 2023, designáronse as tenencias de Alcaldía do Concello de Muros.

Segundo. O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria do 31 de xullo de 2023, aprobou o réxime de dedicacións exclusivas e parciais dos membros da Corporación, publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 165, do 30 de agosto de 2023. Para a primeira tenencia de Alcaldía, o acordo establece unha dedicación parcial mínima do 75 % da xornada ordinaria e unha retribución de 2.000,00 euros brutos mensuais en catorce pagas anuais.

Fundamentos de dereito

Primeiro. O artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, atribúen á Alcaldía a competencia para nomear e cesar libremente as persoas titulares das tenencias de Alcaldía.

Segundo. Os artigos 75.2 e 75.5 da Lei 7/1985 regulan a dedicación parcial retribuída e a publicidade das resolucións que determinan os membros da Corporación que a exercen. O acordo plenario do 31 de xullo de 2023 vincula esta dedicación á primeira tenencia de Alcaldía.

En exercicio das atribucións que me confire a normativa citada, **RESOLVO**

Primeiro. Cesar a D.ª Caridad González Cerviño como primeira tenente de Alcaldía do Concello de Muros e deixar vacante a primeira tenencia de Alcaldía.

Segundo. Deixar sen efecto a asignación individual a D.ª Caridad González Cerviño da dedicación parcial vinculada ao cargo de primeira tenente de Alcaldía, cunha dedicación mínima do 75 % da xornada ordinaria e unha retribución de 2.000,00 euros brutos mensuais en catorce pagas anuais, conforme ao acordo plenario do 31 de xullo de 2023, publicado no BOP da Coruña núm. 165, do 30 de agosto de 2023. A dedicación parcial e a correspondente retribución quedarán sen efecto desde a data indicada no punto sexto desta resolución.

Terceiro. Notificar persoalmente esta resolución á concelleira afectada e dar traslado a Persoal, Intervención e Tesouraría para a liquidación das retribucións devindicadas e a tramitación da baixa na Seguridade Social que corresponda por esta dedicación.

Cuarto. Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros.

Quinto. Dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, de conformidade co artigo 46.1 do citado regulamento.

Sexto. Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura, ou de ser co caso no primeiro dia hábil, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña."

Muros, 24 de novembro de 2026
A Alcaldesa
María Lago Lestón

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: fDMuMXjba8krFfQBCCzj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/